



## [A AELG mostra o seu "profundo pesar" pola morte da poeta palestina Heba Abu Nada tras un ataque israelí](#)

Redacción 23/out./23 15:13

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) vén de mostrar o seu profundo pesar polo recente asasinato en Gaza da poeta e novelista palestina **Heba Abu Nada**, referente na loita polos dereitos das mulleres. Heba Abu Nada faleceu a consecuencia dun dos ataques realizados por Israel contra a poboación palestina. Na véspera, escribira: “Se morremos, saiban que estamos satisfeitos e firmes, e díganlle ao mundo, no noso nome, que somos persoas xustas do lado da verdade”. Tiña 32 anos, era bioquímica e nutricionista, ademais de poeta e autora de novelas como *O osíxeno non é para os mortos*.